



CRITERIOS PARA A ADMISIÓN Curso2019-2020

1.-Existencia de irmáns matriculados no centro.

- Só se terán en conta os irmáns que vaian a continuar escolarizados durante o curso escolar para o que solicita a admisión.
- Terán consideracións de irmáns:
 - As persoas sometidas a tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo legalmente constituído dentro da mesma unidade familiar.
 - Os fillos de familias formadas por pais ou nais separados ou divorciados, aínda que non sexan fillos comúns.

A acreditación deste criterio realizarase mediante fotocopia completa do libro de familia ou, no caso de menores en situación de acollemento, mediante fotocopia da resolución ditada pola Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar.

Valoración: Por un irmán matriculado no centro outorgaranse 8 puntos; polo segundo e seguintes, 2 puntos por cada un.

2.- Nai ou pai que traballe no centro

Valoración: Outorgaranse 3 puntos

3.- Proximidade do centro ao domicilio familiar ou ao lugar de trabalo dos pais ou titores

- **Proximidade do centro ao domicilio familiar:**

- Cando os representantes legais do alumnado vivan en domicilios diferentes, considerase como domicilio familiar o daquel con quen este conviva.
- Con carácter excepcional, poderá considerarse como domicilio familiar o de outros familiares cos que efectivamente conviva o alumno, sempre que esa convivencia real se probe mediante certificación específica expedida ao efecto polo concello, a partires de informes da Policía local ou da garda Civil, agás no caso de menores en situación de acollemento no que as familias de acollida presentarán a fotocopia da resolución ditada pola xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar.
- O domicilio familiar acreditarase mediante certificado do Padrón Municipal no que figuren todos os membros da unidade familiar que conviven nel. A data de alta neste domicilio deberá ter unha antigüidade mínima de un ano respecto ao inicio do procedemento de admisión, agás circunstancias debidamente xustificadas.
- A dirección solicitará, ao día seguinte do remate do prazo de presentación de documentación, á xefatura territorial correspondente que verifique que os datos de identificación fiscal, emitidos pola Axencia Estatal de Administración Tributaria no ano que se solicita a praza escolar, coinciden cos aportados no certificado do Padrón Municipal

- **Proximidade do centro ao lugar de traballo dos pais**

Acreditarase:

- No caso de persoas que presten servizos retribuídos por conta allea, mediante a achega de documento expedido para o efecto polo empregador xunto cunha copia do contrato de traballo. O centro de traballo deberá estar determinado nunha localidade e enderezo concreto.
- No caso de traballadores por conta propia, mediante a alta censual inicial ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria, con todas as posibles modificacións posteriores e altas na tesourería Xeral da Seguridade Social no réxime correspondente.
- O persoal ao servizo das administracións públicas, presentará unha certificación expedida pola xefatura de persoal correspondente.

Valoración:

- Proximidade do domicilio familiar:
 - o Se se atopa na área de influencia do centro: 6 puntos
 - o Se se atopa nas áreas limítrofes á área de influencia do centro: 3 puntos

- Proximidade ao lugar de traballo:
 - o Se se atopa na área de influencia do centro: 4 puntos
 - o Se se atopa nas áreas limítrofes á área de influencia do centro: 2 puntos

4.- Renda anual per cápita da unidade familiar

- Terase en conta a renda da unidade familiar que corresponda ao exercicio fiscal anterior en dous anos ao ano natural que se presenta a solicitude.
- Considérase que a unidade familiar está integrada polos cónxuxes non separados legalmente ou parellas de feito debidamente inscritas no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, e se os houber, por:
 - o Os fillos menores de idade, con excepción dos menores que, con consentimento dos pais ou titores, vivan independentemente.
 - o Os fillos maiores de idade incapacitados.

- Nos casos de nulidade, separación ou divorcio, entenderase por unidade familiar a formada pola nai ou pai e todos os fillos que residan habitualmente cun ou outro, que reúnan os requisitos subliñados no apartado anterior.
- Nos casos de custodia compartida, entenderase como renda da unidade familiar á das persoas que convivan no domicilio familiar indicado na solicitude.

Para a valoración da renda da unidade familiar, as persoas interesadas deberán sinalar na solicitude a cantidade que resulte da suma da base imponible xeral e da base imponible do aforro na declaración da renda conxunta, o no seu caso, a que resulte da suma das declaracións individuais dos membros da unidade familiar, dividida entre o número de membros computables desta.

Os solicitantes autorizarán expresamente a utilización da información de carácter tributario que se precisa para a acreditación da renda anual da unidade familiar, que será subministrada directamente a esta consellería pola Axencia estatal de Administración Tributaria, a través de medios informáticos ou telemáticos. Tanto que se optase por unha tributación conxunta como por unha tributación individual, a autorización concederase por ambos os dous cónxuxes.

A **valoración** da renda anual per cápita da unidade familiar realizarase con referencia ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) correspondente ao exercicio fiscal ao que se refire o apartado 1 deste artigo, coa seguinte escala:

- Se é inferior a 0,5 veces o IPREM: 3 puntos
- Se é igual ou superior a 0,5 e inferior a 0,75 veces o IPREM: 2 puntos
- Se é igual ou superior a 0,75 veces e inferior ao IPREM: 1 punto
- Se é igual ou superior ao IPREM: 0 puntos.



5.- Condición de familia numerosa

- Terase en conta sempre que reúnan os requisitos antes do final do prazo de presentación de solicitudes.

Acreditarase mediante fotocopia do título oficial en vigor ou do carné familiar galego expedidos pola Consellería de Traballo e Benestar, ou copia de solicitude de recoñecemento ou renovación.

Valoración:

- Por pertencer a familia numerosa de categoría especial: 3 puntos
- Por pertenza a familia numerosa de categoría xeral: 2 puntos

6.- Condición de familia monoparental

- Terá consideración de familia monoparental a que reúna os requisitos antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Acreditarase mediante fotocopia do libro de familia, certificado de convivencia, resolución xudicial de separación, divorcio ou medidas paterno -filiais ou convenio regulador.

Valoración: 2 puntos

7.- Discapacidade do alumno ou o pai/nai, titor/a, irmán do alumnado

- Terase en conta as discapacidades en grao igual ou superior ao 33% recoñecida antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Acreditarase mediante certificación do grao de minusvalía expedida pola Consellería de Traballo e Benestar ou, se é o caso, do órgano competente doutras administracións públicas.

Valoración:

- Por discapacidade do alumno/a: 4 puntos
- Por discapacidade dun dos proxenitores ou titores: 3 puntos
- Por discapacidade dalgún dos irmáns do alumno: 1 punto para cada un deles.

8. Criterios establecidos por cada centro educativo.

- Con anterioridade ao inicio do proceso de admisión de alumnado, os centros educativos poderán establecer un criterio complementario que se fará público no taboleiro de anuncios antes do inicio do proceso de admisión.

Valoración: 1 punto

PUNTUACIÓN TOTAL E CRITERIOS DE DESEMPATE

- A puntuación acadada conforme aos criterios e valoración establecidos nos artigos precedentes decidirá a orde de admisión.
- No caso de empate, na puntuación final, resolverase atendendo á maior puntuación obtida en cada un dos referidos criterios atendendo a seguinte orde:
 - Existencia de irmáns matriculados no centro.
 - Nai, pai ou titores que traballen no centro.
 - Proximidade do centro ao domicilio familiar ou ao lugar de traballo dos pais ou titores.
 - Renda anual per cápita da unidade familiar.
 - Condición de familia numerosa.
 - Condición de familia monoparental.
 - Concorrenza de discapacidade no alumno, nalgún dos pais ou titores ou nalgún irmán
 - Criterio establecido polo centro educativo.